



LAGOAS E PRAIAS DE XUÑO E MURO

Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: 9 km
Dificultade: baixa
Duración: 4 horas

Unha andaina para coñecer as praias do sur do concello de Porto do Son e as súas lagoas litorais, aproveitando a ocasión para gozar de un día de lecer facendo algo máis que torrarse ao sol, e ver e recoñecer os diferentes ambientes polos que camiñamos: a amplitude das praias, as formas creadas nas rochas pola forza da auga e do tempo, a enorme biodiversidade das pozas da marea, as formacións dunares, a vexetación que vive nelas e as súas adaptacións e as lagoas coas súas flora e fauna características.

Toda esta área está incluída no LIC "Complexo Húmido de Corrubedo" de importancia excepcional pola combinación de formacións dunares e lagoas costeiras que acollen unha importante representación de especies de flora e fauna asociadas aos areais e ás zonas húmidas. Destaca a presenza como aniñantes de pílulas papudas que crían en contados lugares do noso litoral. No inverno as lagoas acollen unha importante representación de aves acuáticas nos pasos migratorios. Unha ruta circular ou de ida e volta que se pode comezar en calquera das dúas puntas (praia das Furnas ou cabo Teira) e na que debemos aproveitar a marea baixa para facer o percorrido polos areais, porque a area máis compactada e húmida da parte baixa da praia fai o camiñar máis doado e agradable, e a volta polos carreiros e as pasarelas da parte alta. En total camiñaremos uns nove quilómetros por terreo case chan e sen dificultade.

COMO CHEGAR

En Xuño, vindo desde o Son, cóllese un cruce a dereita que indica Colexio e Praia das Furnas (á esquerda, e máis difícil de ver, se se ven desde Ribeira) que nos leva ao pé da praia e o campo de fútbol onde deixamos o coche se queremos comezar a ruta na Praia das Furnas; se queremos empezala no cabo Teira temos que coller, en Xuño, un cruce á dereita en dirección a Basoñas e Seráns, e en Seráns outro á dereita que nos achega á praia Cativa e desde alí por arriba, pasarelas e carreiros, ou por abaixo, praia aproveitando a marea baixa, faremos o camiño. No camiño percorrерemos as praias da Furnas, Xuño, Basoñas e Cativa e parte do contorno das lagoas de Xuño e Muro. Podemos completar a viaxe subindo, desde Seráns, ao monte Taúme, (1,5 km a pé ou en coche, unha subida curta pero con moita pendente) desde onde podemos contemplar unhas magníficas panorámicas do espazo e de toda a contorna.




Praia das Furnas-Xuño. Punta xistosa con estratos verticais dispostos perpendicularmente á liña de costa o que favorece a erosión mariña e a formación de furnas e labirintos.



Vista desde A Sarrosa.



Praias de Xuño e Basoñas desde a punta das Furnas. Máis de 2 km de areais pouco concurridos e de fina area, que miran ao mar aberto.



Illote do Feltro na punta do cabo Teira.



Lagoa de Xuño. Ten forma redondeada e non ten comunicación co mar. As plantas máis abundosas son os carrizos, ambroíños, oucas, espigas de auga, utricularias...




Vista das lagoas de Muro e Xuño desde o Taúme.



Vexetación das dunas. As plantas das dunas teñen cores craras e cubertas coirentas ou veludas para soportar o exceso de radiación solar, os golpes do vento e reter a auga.



Lagoa de Muro ou Basoñas. Está separada do mar por un cordón de dunas fixas e pola praia de Basoñas. Nas mareas moi vivas a auga do mar chega a penetrar por unha canle no extremo norte da lagoa.



Ambroíños e ras atopan un hábitat axeitado para o desenvolvemento nas augas doces pouco fondas da lagoa de Xuño.




Golfos



Honckenia maritima



Garza real



Percebes



Vista do espazo desde o cume do monte Taúme (240 m) situado na fronteira entre os concellos de Porto do Son e Ribeira. Accedese desde Seráns.